



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS DE OURENSE (FEMURO) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES 2025

Lugar e data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha banda Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, M<sup>a</sup> Isabel Garrido Blanco, que actúa en nome e representación da Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), NIF G32237869, en virtude da súa condición de Presidenta de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto no artigo 23 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

**Segundo.** Que a Constitución Española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer ningunha discriminación por razóns de nacemento, raza, sexo, relixión ou opinión ou calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE



O artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integren sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de todos e todas na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**Terceiro.** De conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano superior en materia de igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

Ademais correspóndelle incorporar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias da Xunta de Galicia, en cumprimento do principio de transversalidade, así como promover programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.

Así mesmo, correspóndelle establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións, e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

**Cuarto.** No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, e da Lei 7/2023, de 30 de novembro, recoñécese a importancia da corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, coidado e educación dos





fillos e fillas, e establececese o compromiso de promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

A Lei 7/2023, de 30 de novembro, co fin de facer efectivo o dereito constitucional da igualdade, insta os poderes públicos de Galicia a adoptar medidas específicas en favor das mulleres para corrir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes. Así, entre outros, establécense como criterios de actuación o fomento do asociacionismo das mulleres, a dinamización do seu tecido asociativo e a creación de redes.

Para a consecución da igualdade real dótase a Administración de ferramentas que a facultan para dar apoio directo as mulleres, promover e levar a cabo accións dirixidas a fomentar a información, orientación e asesoramento específico, atopándose entre elas a de apoiar as entidades públicas ou privadas que presten estes servizos.

Estas actuacións concrétnanse na obriga de establecer alianzas estratéxicas e de colaboración cos suxeitos implicados na igualdade de trato e oportunidades, sexan públicos ou privados, especialmente no caso de asociacións e grupos de mulleres.

**Quinto.** O fomento da conciliación da vida familiar, laboral e persoal está presente na acción de goberno e nos instrumentos de planificación da Xunta de Galicia, como no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado no Consello da Xunta o 10 de marzo de 2022, concibido como un instrumento flexible para alcanzar a igualdade real e efectiva nos distintos ámbitos da vida das persoas. Aposta polo apoderamento feminino tanto individual como colectivo poñendo en valor as contribucións das mulleres nos distintos ámbitos e incide na necesidade de traballar a prol dunha maior concienciación social, facendo fincapé na necesaria transformación da cultura imperante, sustentada en estereotipos e roles que manteñen e reproducen desigualdades. O Plan inclúe no eixo 1. O Reto demográfico, na prioridade de actuación 1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada, un obxectivo estratéxico relacionado directamente, o 1.1.4. Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

**Sexto.** Por outra banda, o Plan Corresponsables é unha política pública iniciada en 2021, residenciada na Secretaría de Estado de Igualdad y para la Erradicación de la Violencia contra las Mujeres del Ministerio de Igualdad, que permite articular mecanismos en colaboración coas Comunidades Autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para o apoio específico das necesidades





de conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de 16 anos dende a óptica da igualdade entre mulleres e homes, ao amparo do artigo 44 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e desde un enfoque de garantía de dereitos universais e á marxe da condición laboral das persoas beneficiarias; así como con outros eixos de actuación relacionados coa creación de emprego, a dignificación e recoñecemento da experiencia profesional de coidados, a sensibilización en materia de corresponsabilidade nas tarefas de coidados, co fin de impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias. O artigo 14 establece que corresponde aos poderes públicos o establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes, así como o fomento da corresponsabilidade nos labores domésticos e na atención á familia.

A dita política adquire unha relevancia maior no contexto cambiante e de crise económica actual que incide negativamente na vida laboral, persoal e familiar das mulleres, en tanto que son elas quen de forma maioritaria asumen no noso país a carga de coidados familiares e domésticos.

Dado que varias das medidas recollidas no Plan Corresponsables refírense a competencias específicas sectoriais que corresponde desenvolver, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a distintos organismos, a Consellería de Política Social e Igualdade considera conveniente asinar convenios de colaboración, para fomentar o desenvolvemento das medidas a levar a cabo ampliando o alcance do Plan Corresponsables en todos os eidos da sociedade galega.

**Sétimo.** As federacións de mulleres rurais de Galicia, Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), Federación Pola Igualdade das Mulleres da Provincia Pontevedra (FEMUPO) e a Federación de Mulleres do Rural da provincia de Lugo (AFAMMER LUGO) fortalecen o tecido asociativo feminino no ámbito rural, cos obxectivos de propiciar a participación das mulleres e a súa integración en igualdade de condicións, para mellorar a presenza e visibilización das mulleres en todos os ámbitos sociais e que contribúen á potenciación do principio de igualdade entre mulleres e homes.

O papel destas asociacións é clave no cambio de valores e de cara á transformación necesaria para avanzar na igualdade real e efectiva por razón de xénero, con especial relevancia no ámbito rural para visibilizar e pór en valor o papel das mulleres na mellora da calidade de vida, do asentamento da poboación e da dinamización do territorio en termos de igualdade e sustentabilidade e para contribuír á eliminación e prevención da violencia de xénero e prestar apoio e acompañamento ás vítimas.



**Oitavo.** A Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), é unha entidade sen ánimo de lucro composta por 66 asociacións de mulleres rurais federadas que se atopan diseminadas en núcleos rurais da provincia de Ourense integrando unhas 7.000 mulleres do medio rural da provincia, sendo a única Federación destas características en toda a provincia.

Entre os seus fins está o de contribuír á igualdade de oportunidades e o desenvolvemento das mulleres rurais en todos os ámbitos (político, económico e social), fomentar a participacións das mulleres e mellorar o benestar social e a súa calidade de vida, así como promover a prestación de servizos sociais nas diferentes áreas de actuacións dos servizos sociais comunitarios.

Para o cumprimento dos seus fins leva a cabo actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento á mulleres do ámbito rural, entre elas a mulleres vítimas da violencia de xénero, promovendo ademais accións de información e formación nas que sempre e de xeito transversal se atopa presente o enfoque de xénero.

Pola súa dimensión e capacidade de chegar a un moi importante número de mulleres rurais da provincia de Ourense, a súa experiencia e coñecemento do medio rural e a especialización das profesionais coas que colabora no campo da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, a Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO) reúne as condicións para o desenvolvemento do Plan Corresponsables.

Logo de ter desenvolvidas de forma proveitosa durante os anos 2023 e 2024 diferentes actividades en execución do Plan Corresponsables, considérase oportuno dar continuidade ás mesmas no ano 2025 coa sinatura do presente convenio.

**Noveno.** A Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario fomentar coa concesión dunha subvención pública a realización por parte da Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), de actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento á mulleres do ámbito rural no ano 2025 no marco do Plan Corresponsables.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás mulleres en situación de vulnerabilidade e ás mulleres do ámbito rural unha oportunidade de formación e empoderamento de cara a poderen acreditar a



experiencia non formal no ámbito dos coidados, para lograr unha mellor vía de inserción e de promoción laboral, sobre todo ás mulleres de máis de 45 anos.

A Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), pola súa dimensión e capacidade de chegar a un importante número de mulleres desta provincia, reúne as condicións necesarias para o desenvolvemento de actividades de atención, apoio e acompañamento ás mulleres do ámbito rural, promovendo actuacións de información e formación relacionadas coa creación de emprego, a dignificación e o recoñecemento da experiencia informal e non profesional de coidados, que habiliten o acceso a servizos de coidado profesional que non pode asumir outra asociación destas características en Galicia, por ser FEMURO , a única asociación existente nesta provincia.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. Obxecto**

O obxecto deste Convenio é establecer as bases reguladoras para a concesión directa dunha subvención da Consellería de Política Social e Igualdade á Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), para levar a cabo actuacións relacionados coa creación de emprego, a dignificación e o recoñecemento da experiencia informal e non profesional de coidados, que habiliten o acceso a servizos de coidado profesional, cando o desenvolvemento estatal o permita, con especial atención á situación de mulleres maiores de 45 anos.

### **SEGUNDA. Finalidade**

A finalidade deste convenio consiste na execución dalgunhas das medidas do Plan Corresponsables, a través de actuacións que promovan a posta en marcha de procesos de recoñecemento da experiencia laboral non profesional no ámbito dos coidados, que facilite a inserción laboral profesionalizada neste ámbito dirixido especialmente a mulleres de mais de 45 anos.

### **TERCEIRA. Accións a desenvolver**



No marco do presente convenio, a Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), comprométese a dar cumprimento o obxecto e finalidade sinalados nas cláusulas anteriores no ámbito rural da provincia de Ourense, entendendo como accións a desenvolver as seguintes:

- Accións de difusión e información das actuacións contempladas no Plan Corresponsables.
- Edición de material didáctico.
- Formación ás persoas con experiencia laboral formal ou non formal e as que estean interesadas, sobre todo mulleres de máis de 45 anos para a obtención da acreditación formal para o coidado de menores de ata 16 anos.
- Asesoramento, avaliación e formación con perspectiva de xénero, ás persoas con experiencia laboral formal ou non formal, sobre coidado integral a menores.
- Actualización e mantemento do censo de persoas susceptibles de obtención do recoñecemento da experiencia laboral formal ou non formal no sector dos coidados de menores ata 16 anos inclusive.
- Elaboración dun estudo sobre o proceso de asesoramento, avaliación e formación en corresponsabilidade ou coidados.
- Outras accións directamente relacionadas coa actividade desenvolvida ao abeiro do Plan Corresponsables, complementarias ás descritas nos parágrafos anteriores desta cláusula.

#### CUARTA. Financiamento

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, achegará a cantidade total de **100.000€ (cen mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 08.07.312G.481.1 (código de proxecto 2021 00175) dos orzamentos da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade para o ano 2025, financiadas con Fondos Finalistas dos orzamentos xerais do Estado procedentes do Ministerio de Igualdad a través da liña de actuación 00524-Plan Corresponsables.

O financiamento deste Convenio enmárcase nos Fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, procedentes do Ministerio de Igualdad, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do PLAN CORRESPONSABLES. Os fondos transferidos polo Ministerio destinaranse ao cumprimento do obxecto establecido na cláusula primeira.

#### QUINTA. Gastos subvencionables

DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE



De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre **12 de decembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Poderán ser subvencionados os seguintes gastos:

- persoal: custos laborais e de seguridade social das persoas traballadoras asignadas ao proxecto durante o tempo de dedicación ao mesmo.
- execución material: custos necesarios e imprescindibles para desenvolver as accións subvencionables.
- gastos de materiais funxibles e subministros.
- gastos de administración e xestión (aqueles que son estrictamente necesarios para a realización das actividades concretas e que non se vinculan directamente aos seus resultados (seguros de responsabilidade civil, accidentes, xestión).

#### **SEXTA. Subcontratación**

Para a execución das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá subcontratar ás actuacións subvencionadas, no marco que permite a lei 9/2007 de 13 de xuño. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo das actuacións subvencionadas, non acheguen valor engadido ao seu contido.

As entidades contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente

En todo caso deberanse respectar os límites impostos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **SÉTIMA. Xustificación da subvención**

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o **12 de decembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025**, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Promoción da Igualdade con data límite o **10 novembro de 2025**.



A xustificación dos gastos e do seu pagamento realizarase por medios electrónicos a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

**a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do presente convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e que debe incluír os seguintes apartados:**

1. Actividades realizadas, número de persoas e familias participantes.
2. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
3. Xustificación do gasto asociado a cada actividade
4. Valoración global.

**b) Unha memoria económica xustificativa do total do custo das actividades realizadas, que conterá:**

1. Unha relación clasificada dos gastos realizados con identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.
2. Indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación anterior.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas, e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade.

**c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento.**

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados dentro do período subvencionable. Nestes documentos deben quedar claramente identificadas a persoa receptora e



a emisora do pagamento, e será conveniente que no concepto se faga constar o número da factura.

No caso de pagamento mediante cheque terá que ser, en todo caso, nominativo e vir acompañado da xustificación bancaria acreditativa do cargo na conta que figure nel.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.

**d)** De ser preciso, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe do gasto subvencionable **supere os 15.000€** (sen IVE), a entidade beneficiaria achegará, como mínimo, tres orzamentos de distintos provedores solicitados con carácter previo a contratación do subministro, prestación do servizo ou a entrega do ben; salvo que, polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que subministren os bens ou presten o servizo, ou que o gasto se realizase antes da sinatura do convenio, sempre que se atope dentro do período que este abrangue.

A elección da oferta elixida, de entre as achegadas, realizarase consonte criterios de economía e eficiencia. Cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa deberá xustificarse expresa e detalladamente nunha memoria independente, indicando os criterios utilizados para a toma de decisión.

**e)** En canto ós custes salariais: Deberá presentar, referida a mensuralidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación para a realización das actuacións comprendidas dentro do programa subvencionado que deberá indicar os seguintes datos para cada unha delas: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF da persoa traballadora, base do IRPF, retribución líquida e bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado ao convenio.
2. Nóminas e xustificantes de pago.
3. Os documentos "Relación Nominal de Traballadores" (RNT) e "Relación de Liquidación de Cotizacións" (RLC) correspondentes aos meses imputados.



#### 4. Impresos de liquidación do IRPF, modelos 111 (retencións a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes a xustificación entregada.

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario que acredite o seu pagamento.

Non obstante o anterior, cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación. A entidade queda obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso en período voluntario.

**f) Publicidad:** Acreditación documental, material ou gráfica (fotografías, fotocopias, capturas de pantalla da web...) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da actividade subvencionada, ao abeiro do Plan Corresponsables.

**g) Declaracións responsables:**

1. Unha declaración responsable doutros ingresos ou subvencións solicitadas, que financiasen a actividade subvencionada, tanto as aprobadas ou concedidas como as que estean pendentes de resolución, con indicación do importe e a súa procedencia.
2. Declaración de veracidade de toda a documentación achegada.
3. Declaración de non existencia de débedas e de atoparse ao corrente de pago das obrigas fiscais.

**h) En canto a xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona:**

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.





- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

Á vista desta documentación a Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización das actividades e o cumprimento da finalidade do Convenio e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o seu pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula cuarta e sempre que se cumpra coa finalidade do presente convenio, procederá a minoración do importe do convenio e o correspondente procedemento de reintegro parcial ou total da subvención, en proporción ao importe non xustificado. No caso que non se xustificase cando menos o 20% do importe das actuacións a subvencionar obxecto do convenio, produciríase a revogación da subvención concedida e dará lugar ao reintegro.

A Consellería de Política Social e Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

### **OITAVA. Pagamento**

De acordo co previsto no artigo 60 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o pago da subvención realizarase unha vez comprobado polo órgano concedente a xustificación final presentada pola entidade, así como, realización das actuacións a desenvolver e o cumprimento dos obxectivos do programa a subvencionar a través do presente convenio.

Non obstante, de acordo co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderá realizarse o pagamento anticipado de ata o 80% da subvención concedida, tras a sinatura do presente convenio polas partes e unha vez finalizada a tramitación contable, económica e administrativa do mesmo.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) en relación cos artigos 63.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.



O 20 % restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da xustificación por parte da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas neste convenio.

### **NOVENA. Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia**

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin un modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### **DÉCIMA. Notificacións**

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á



conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **DÉCIMO PRIMEIRA. Obrigacións da entidade beneficiaria.**

A Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), como entidade beneficiaria deste convenio, adquire os seguintes compromisos e obrigas, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

a) Desenvolver as actuacións a subvencionar recollidas nas cláusulas primeira e terceira deste convenio, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da súa finalidade de conformidade co establecido na normativa estatal reguladora do Plan Corresponsables e cos acordos da Conferencia Sectorial de Igualdad, sen percibir ningunha contraprestación por parte das persoas usuarias destas actuacións.

b) Divulgar as actuacións e facer constar expresamente en toda publicidade, ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, na documentación necesaria para a súa realización e en todo caso nas actividades de difusión, que estas se financian con fondos públicos ao abeiro do Plan Corresponsables de acordo co establecido neste convenio que deberán identificarse coa imaxe gráfica do Plan Corresponsables, así como cos logotipos institucionais da Xunta de Galicia, do Ministerio de Igualdad e da Secretaría de Estado de Igualdad y para la Erradicación de la Violencia contra las Mujeres.

Na publicidade que se realice en calquera medio de comunicación social sobre as actuacións a subvencionar a través deste convenio, farase constar expresamente que estas se levan a cabo en desenvolvemento do Plan Corresponsables, co financiamento do Ministerio de Igualdade/SEIEVM e a través da Consellería de Política Social e Igualdade.



c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que pidan realizar os órganos de control competentes. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

d) Cumprir cos requisitos do artigo 10 e as obrigas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora así como co resto das obrigas recollidas na Lei 38/2003, de 17 novembro.

e) A comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

f) Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

g) A reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

h) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do programa a subvencionar a través do presente convenio.

i) Presentarlle á Consellería de Política Social e Igualdade, ao remate da vixencia do convenio, unha memoria de actuación na que se recollerán os medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento, que indicará, as actividades realizadas e, de ser o caso, as persoas participantes en cada actuación desagregadas por sexo, ademais daqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.



j) Cumprir coas obrigas de subministro de información previstas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno.

k) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

### **DÉCIMO SEGUNDA. Compatibilidade**

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

### **DÉCIMO TERCEIRA. Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións do programa a subvencionar que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

### **DÉCIMO CUARTA. Modificación, revogación e reintegro**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de



modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución.

Concorridos tales supostos reintegrárase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

#### **DÉCIMO QUINTA. Causas de resolución**

Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dos compromisos que nel se establecen.
- O mutuo acordo das partes asinantes formalizado por escrito.
- Desaparición das causas que motivaron a celebración.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

#### **DÉCIMO SEXTA. Devolución voluntaria da subvención**

De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria poderá realizar, sen o requerimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da





subvención, mediante o seu ingreso na correspondente conta da Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, deberá presentarse ante a Consellería de Política Social e Igualdade a copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten a data do ingreso, o seu importe e o número de expediente e denominación da subvención concedida.

### **DÉCIMO SÉTIMA. Réxime xurídico do Convenio**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



## DÉCIMO OITAVA. Publicidade e rexistro do convenio

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

A Consellería de Política Social e Igualdade publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

## DÉCIMO NOVENA. Información básica de protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a





tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace [https://www.xunta.gal/proteccion\\_datos](https://www.xunta.gal/proteccion_datos).

#### **VIXÉSIMA. Comisión de seguimento**

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta





comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da entidade beneficiaria designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será a titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade. A súa suplencia axustarase o réxime establecido no Decreto de estrutura orgánica da Consellería.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **VIXÉSIMO PRIMEIRA. Duración**

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 12 de decembro de 2024, sempre e cando amparen actuacións do proxecto a subvencionar

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan este documento.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE

A PRESIDENTA DA FEDERACIÓN PROVINCIAL  
DE MULLERES RURAIS DE OURENSE  
(FEMURO)

Fabiola García Martínez

M<sup>a</sup> Isabel Garrido Blanco

